

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PROBA (PARTE A: DESENVOLVEMENTO DUN TEMA)**

*DATA PUBLICACIÓN: [19/06/2023]*

Elabora un dos cinco temas extraídos ao chou polo tribunal.

Inclúe un índice, unha introdución e unha conclusión.

Desenvolve todas e cada unha das epígrafes do tema seleccionado de maneira equilibrada e aborda os contidos con rigor, apoiándose en referencias actualizadas tanto legislativas como conceptuais.

Secuencia de maneira lóxica e clara os apartados, cunha estrutura adecuada e establece relacións entre os contidos.

Xustifica a vinculación do tema co currículo, aludindo á normativa e apoiándose en exemplos concretos, contextualizados e adaptados á realidade escolar.

Afondamento, concreción e actualización do coñecemento científico-técnico de cada un dos apartados do tema, incorporando diversas referencias (correntes, autores, paradigmas,...) actualizadas.

Aplicación didáctica do tema realista e conforme á legalidade vixente.

Referencias durante o desenvolvemento do tema á bibliografía indicada no apartado correspondente.

Cita correcta das referencias bibliográficas, webgrafía oportunas e actualizadas.

A utilización de abreviaturas, as faltas de ortografía e a realización da proba con letra ilexible serán valorados negativamente na corrección do exercicio.

Lectura literal do tema escrito, penalizándose o engadido de novas achegas ao texto, de ser o caso.

Presentación limpa, clara e lexible utilizando exemplos, esquemas e as táboas e gráficas que se precisen.

Competencia comunicativa en canto a terminoloxía, expresión, claridade e organización de ideas.